



Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, dun posto de encargado/a taller de escenografía (Código do posto ED.A11.00.005.15770.035, categoría 43).

Asunto: Resolución pola que se fai pública a listaxe definitiva da avaliación de méritos por orde de prelación.

O tribunal nomeado mediante Resolución do 09.06.2026, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal, en sesión que tivo lugar 10.09.2026,

ACORDA

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de avaliación de méritos, por orde de prelación, relacionada no **Anexo I**, segundo a puntuación obtida en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento, tras o estudo das alegacións recibidas á Resolución provisional de listaxe de avaliación de méritos de data 04.08.2026, que quedan desestimadas.

Ao producirse un empate entre as tres persoas candidatas aplícase o establecido no punto 5.6 da convocatoria:

“De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida nestas bases, e, de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública que se publica co resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante o anterior, no suposto de menor





representación do sexo feminino, se existisen méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas e nos termos establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro galega para a igualdade de mulleres e homes, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

O resultado do sorteo realizado pola Consellería de Facenda e Administración Pública o 22 de xaneiro de 2026, referido ao Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia é que a orde alfabética de actuación comezará polas persoas onde o primeiro apelido empece pola letra M e continuará de forma sucesiva.

Segundo.- Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais <https://industriasculturais.xunta.gal/gal> e no seu taboleiro.

Terceiro.- Conceder un prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, a Laura Maquieira González, para que presente, a través da Sede electrónica da Xunta da Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, a documentación requirida para a formalización do correspondente contrato de traballo.

Cuarto.- Se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación no prazo establecido ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar, no mesmo prazo do punto anterior, a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de Selección
María A. Antón Vilasánchez





ANEXO I LISTAXE DEFINITIVA DE AVALIACION DE MÉRITOS POR ORDE DE PRELACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA

	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	Maquieira González, Laura	***6048**	0
2	Diéguez Boo, Olalla	***6669**	0
3	Fernández Rodríguez Ángela	***0147**	0

